


Traballo con Tablets

OBRADOIRO DE ELABORACIÓN PROXECTOS



IPADS E TABLETS A FERRAMENTA TOTAL PARA A EDUCACIÓN



APLICACIÓN NA AULA CASOS PRÁCTICOS



BIBLIOTECA DE RECURSOS APP STORE

ESCOLA TAC



Obradoiro de tablets

Benvidos a este Obradoiro. Nel imos a por en práctica o uso das tablests/ iPads na aula.

O tema sobre o que versará será **“o espazo”**. A través deste tronco central crearemos unha ramificación de actividades mediante o uso de aplicacións útiles para o voso labor como docentes.

O que se pretende, deste xeito, é que melloredes a vosa competencia nesta ferramenta e que vexades os múltiples usos da que, para min, é a ferramenta total.

Cando se innova, córrese o risco de cometer erros. É mellor admitilo rápidamente e continuar con outra innovación.

“Steve Jobs”

Implantación no centro

A implantación das tablests/iPads (a partir de agora T/I) nun centro educativo transcorre por estas fases:

1. **Compra:** O primeiro paso será comprar as T/I. Para facelo aconséllvos que revisedes as páxinas de grandes superficies, ofertas,.... porque sempre podedes atopar un mellor prezo. Tamén vos recomendo que, se ides a apostar por esta ferramenta, apostedes de verdade. A compra de T/I baratas e de mala calidade, a medio prazo fai que non funcionen correctamente, que se ralenticen, e, por conseguinte, que se deixen de utilizar e queden almacenadas nun caixón.
2. O segundo paso, unha vez feita a compra, será, cunha dirección de correo electrónico, crear unha conta ou ben de gmail o de Apple para a súa xestión e descarga de aplicacións. (Cunha conta podemos descargar unha aplicación ata en 10 iPads).
3. **Compra de aplicacións:** podemos facelo de moitos xeitos. Para min, unha forma moi cómoda é comprar unha tarxeta prepago e canxeala en calquera dos stores. Así tamén podemos ver o saldo que nos queda pendente. Por poñer un exemplo, nos centros nos que eu traballo compramos unha tarxeta de 25€, e con ese importe nos chegou para comprar todas as aplicacións necesarias nun curso. Polo tanto a inversión non é nada fóra de lugar.
4. Este paso pode estar situado en calquera posición. É aconsellable recibir algún curso de formación (este está moi ben) para ver como sacarlle partido a esta fantástica ferramenta. Outra actuación moi recomendable sería contactar con alguén que vos poida ir asesorando na implantación das T/I no centro e vos poida guiar na súa utilización na aula. Recomendovos www.iescola.es que traballan moi ben e teñen moita experiencia no tema.
5. Unha vez feito todo o anterior, solo nos queda disfrutar e facer que os nenos/as disfruten da aprendizaxe mediante actividades innovadoras e motivadoras.

Pasos de implantación



Estes pasos, obviamente, son orientativos é o único que pretenden é servir de axuda á hora de resolver dúbidas de como comezar este proxecto tan ilusionante.

Para maior información estou á vosa disposición.

O ESPAZO

Actividade 1: Avaliación por competencias

Preparación da avaliación do traballo mediante competencias.

Elaboración dunha rúbrica utilizando a aplicación **Additio**. Ao final do obradoiro veremos como sería esta avaliación e como quedaría rexistrada.

Additio nos permite levar o rexistro da nosa clase cómodamente: Asistencia, axenda persoal, entrevistas cos pais, medias e notas ponderadas,....

Outras aplicacións similares son **Idoceo**, **teacherkit**,...

Para máis información sobre como xestionar as vosas clases, podedes visitar as seguintes páxinas web:

<http://edu.symbaloo.com/mix/additio-primerospasos>

<https://additioapp.zendesk.com/hc/es>



Actividade 2: Deseño do noso protagonista

Logo de preparar a avaliación, pasaremos a realizar o deseño do noso protagonista. Para fecelo podemos utilizar calquera aplicación de debuxo. Recomendovos algunhas: **Sketches** (espectacular ferramenta de deseño) e **Educreations** (aplicación que converte a nosa tablet nunha pizarra táctil).

Procreate: Outra aplicación de ilustración.

Brushes: Aplicación de pintura

Memopad: Caderno de notas.



O ESPAZO

Actividade 3: Elaboración do noso sistema solar

O seguinte paso será construír o noso Sistema Solar. Normalmente, este paso na aula faríase mandándolle aos nenos colorear un Sistema Solar que sacamos de Internet, pedíndolles que o debuxen,...

Nembargantes, con **Explain Everything**, eles construírían o seu propio Sistema Solar. Verían os movementos dos planetas, e ademáis proporcionarían información sobre cada un coa súa propia voz, permitindo desde xeito que ata os máis pequenos poidan facer este tipo de traballos xa que non necesitan escribir para demostrar todos os contidos que van adquirindo.

O resultado final exportarémolo como vídeo para compartir co resto da clase.

Outra boa opción tamén sería, unha vez construído o sistema solar, exportalo como imaxe para despois elaborar un mural ou para compartilo coas familias mediante a galería de fotos da páxina web do colexio ou mediante os Blogs de aula.

Outra posibilidade máis pode ser enviar este tipo de traballo para facer na casa coa axuda das familias e despois ver o resultado de forma conxunta.

Seguro que nos sorprenden.

Aproveitaremos esta actividade para practicar o traballo coa nube. Para facelo, utilizaremos o almacén de Google, **Google Drive** que nos proporciona 15 Gb gratuitos.

Nesta construción do Sistema Solar imos a incluír tamén o deseño que antes fixemos do noso protagonista.



Explain everything



Drive

O ESPAZO

Actividade 4: Encontro cos extraterrestres. Creación de melodía

Para introducir a música neste obradoiro, imos a recrear unha escena mítica do cine: O contacto que os humanos tentaron facer cos extraterrestres en “Encontros na terceira fase”.

<https://www.youtube.com/watch?v=ho9WdoJfH-A>



A aplicación que imos a utilizar neste caso se chama **TocandRoll**. Unha aplicación que, aínda sen ter practicamente nocións de música, nos permite elaborar melodías todo o sinxelas ou complicadas que nos queiramos.

Tamén é importante tentar de utilizar a música de forma transversal en materias diversas. Por exemplo, podemos utilizar esta aplicación nas linguas para musicar poemas ou historias e dotalas dun ambiente especial.

Ou en sociais (historia), podemos escoitar música da época da que estamos a falar e tentar de realizar nós unha composición similar.



Toc and Roll

O ESPAZO

Actividade 5: A lei da gravidade por e para nen@s.

Nesta seguinte actividade imos a tratar de explicar unha das leis Universais de Newton: A lei da forza da gravidade.

Pero non imos a ser nos os que fagamos a explicación. Serán os alumnos os que representarán o peso dun obxecto na Terra e na Lúa para amosar a distinta forza de atracción que un planeta ou satélite exerce sobre ese obxecto.



A representación da lei da gravidade de Newton farémola mediante unha aplicación que pode ser utilizada dende idades moi temperás ata idades adultas.

Esta aplicación é **Puppets Pals**. Nos permite recrear escenarios con actores cos que representar e explicar calquera tema. Non é, nin sequera, necesario que os nenos saiban escribir xa que poden contar coas súas propias palabras o que desexan compartir. O resultado é espectacular.

O ESPAZO

Actividade 6: Compartir o aprendido en realidade aumentada.

Para case rematar co noso obradoiro, imos a facer que os nenos compartan o aprendido mediante a elaboración dunha actividade en realidade aumentada.

Eles serán os que terán que explicar algunha das características de cada planeta e gravalo en vídeo. Logo crearemos un corredor interactivo ao longo do cal dispoñemos imaxes de cada planeta.

A medida que os nenos/as vaian pasando polo corredor e enfocando cada un dos planetas co seu iPad se lles revelará a información que os seus compañeiros/as elaboraron previamente.

Para facelo, comezaremos coa gravación do vídeo, que farán directamente co iPad.



O seguinte paso será que os nenos/as vaian pasando polo corredor interactivo cos seus dispositivos e vaian facendo paradas nas imaxes animadas para ver a información que os seus compañeiros prepararon para eles.

Esta é unha actividade que encanta aos alumnos/as e o resultado non pode ser máis espectacular.

O ESPAZO

Para rematar este Obradoiro, un par de apuntes máis:

1.- A mestura de **tablets e Aula Virtual** da un resultado xenial e nos permite preparar contidos (exámenes, enquisas, actividades con fotografía e vídeo,...) que aos nenos/as lles vai a resultar máis cómodo resolver nestes dispositivos ao ser táctiles.

2.- **Smile and Learn:** Unha aplicación válida tanto para ipad como para tablets (e incluso para ordenadores con Windows), totalmente gratuita para todos os centros que o soliciten e que ven acompañada de guía didáctica de cada un dos contos e xogos.

Tamén nos permite rexistrar o avance de cada neno que traballa con esta aplicación.

Si a queredes para o voso cole podedes enviarme un correo e vos porei en contacto coa coordinadora pedagóxica da aplicación.



SMILE AND LEARN

Listado de aplicacións utilizadas

Nome da App	Uso	Aplicacións similares
Additio App	Xestión de aula	Idoceo, Teacher Kit
Tayasui Sketches	Deseño, debuxo	Procreate, Brushes Redux, Memopad, Evernote
Explain Everything Interactive Whiteboard	Ferramenta total	Educreations Interactive Whiteboard
Drive	Almacenamento na nube	Dropbox, Box, Onedrive, iCloud
Toc and Roll	Música	
Puppets pals	Animación, contos	Toontastic 3D, Comiclfe
Aurasma	Realidade aumentada	Quiver 3d Coloring app, Anatomy 4D, Lunch rush HD
Skyview Explore the Universe	Explorador celeste	Mapa estelar

Outras aplicacións de interese	
Aplicacións	Uso
Pages, Word	Ofimática
iMovie	Edición de vídeo
Remind	Notificacións ás familias
Stick Pick-up	Selección de alumnos
DLe	Diccionario da Real Academia
El cuerpo humano Lite	Exploración do corpo
Mindomo	Mapas conceptuales
Tinytap	Constructor de actividades para os máis pequenos
Nearpod	Creador de condido
RWT Timeline	Liña do tempo
Calculator	Calculadora interactiva
Spreaker	Podcasts
La tierra por Tinyloop	Exploración da terra
Stopmotion Studio	Elaboración de animacións
Pupitre Santillana	Actividades para os pequenos
Notebook Smart	Pizarra dixital
Typorama	Posters.

Datos de contacto:

Xurxo Cobelas Sobrino

www.xurxocobelas.comxurxocobelas@gmail.com

Tlf: 653128042



É importante que os nenos aprendan a interactuar con tecnoloxías que axudan a unha aprendizaxe motivadora